WIKIPEDIA

Historia

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **historia** (provén da lingua latina, dende o grego *historia, -as* 'investigación', derivado de *histor* 'sabio', 'coñecedor'[1]) é a ciencia que ten como obxecto de estudo o pasado da humanidade e como método o propio das ciencias sociais[2] . Tamén se denomina historia ao período histórico que transcorre desde a aparición da escritura ata a actualidade.



A Verdade, o Tempo e a Historia, de Francisco de Goya (cara a 1800). Alegoría de debatida interpretación, é tamén coñecido con outros nomes. O alado e ancián tempo traería da man á verdade para que a historia a deixase rexistrada mediante a escritura.

Máis aló das acepcións propias da ciencia histórica, *historia* na linguaxe usual é a narración de calquera suceso, ata de sucesos imaxinarios e de mentiras[3] sexa o seu propósito o engano, o pracer estético ou calquera outro (ficción histórica). Pola contra, o propósito da ciencia histórica é a fixación fiel dos feitos e interpretalos aténdose a criterios de obxectividade; aínda que a posibilidade de cumprimento de tales propósitos e o grao en que sexa posible son en si mesmos obxectos de debate.

En medicina utilízase o concepto de historia clínica para o rexistro de datos sanitarios significativos dun paciente, que se remontan ata o seu nacemento ou ata a súa herdanza xenética.


Á súa vez, chamamos *historia* ao pasado mesmo, e, ata, pode falarse dunha historia natural na que a humanidade non estaba presente (termo clásico xa en desuso, que se utilizaba para referirse non só á xeoloxía e a paleontoloxía senón tamén a moitas outras ciencias naturais -as fronteiras entre o campo ao que se refire este termo e o da prehistoria e a arqueoloxía son imprecisas, a través da paleoantropoloxía-, e que se pretende actualizar como "gran historia" ou "historia profunda").[4]

Ese uso do termo *historia* faino equivalente a *cambio* no tempo.[5] Nese sentido contraponse ao concepto de filosofía, equivalente a esencia ou permanencia (o que permite falar dunha filosofía natural en textos clásicos e na actualidade, sobre todo en medios académicos anglosaxóns, como equivalente á física). Para calquera campo do coñecemento, pódese ter unha perspectiva histórica -o cambio- ou ben filosófica -a súa esencia-. De feito, pode facerse iso para a historia mesma (véxase tempo histórico) e para o tempo mesmo (véxase *Unha breve historia do tempo* (*A Brief History of Time*) de Stephen Hawking, libro de divulgación sobre cosmoloxía).



Na mitoloxía grega, Clío era a musa ou deusa protectora da Historia, ademais da poesía épica. Aquí aparece observando antes de anotar no seu libro, desde un carro alado cuxa roda é a esfera dun reloxo.

Índice



Busto de Heródoto, o chamado *Pai da Historia*.

Historia como ciencia

Véxase tamén: Historiografía e Método histórico.

Dentro da popular división entre *ciencias* e *letras* ou *humanidades*, téndese a clasificar á historia entre as disciplinas humanísticas xunto con outras ciencias sociais (tamén denominadas ciencias humanas); ou ata se a chega a considerar como unha ponte entre ambos os dous campos, ao incorporar a metodoloxía destas a aquelas.[6] A ambigüidade desa división do coñecemento humano, e o cuestionamento da súa conveniencia, levou ao chamado *debate das dúas culturas*.

Non todos os historiadores aceptan a identificación da historia cunha ciencia social, ao consideralo unha redución nos seus métodos e obxectivos, comparables cos da arte se se basean na imaxinación (postura adoptada en maior ou menor medida por Hugh Trevor-Roper, John Lukacs, Donald Creighton, Gertrude Himmelfarb ou Gerhard Ritter). Os partidarios da súa condición científica son a maior parte dos historiadores da segunda metade do século XX e do século XXI (incluíndo, de entre os moitos que expresaron as súas preocupacións metodolóxicas, a Fernand Braudel, E. H. Carr, Fritz Fischer, Emmanuel Le Roy Ladurie, Hans-Ulrich Wehler, Bruce Trigger, Marc Bloch, Karl Dietrich Bracher, Peter Gay, Robert Fogel, Lucien Febvre, Lawrence Stone, E. P. Thompson, Eric Hobsbawm, Carlo Maria Cipolla, Jaume Vicens Vives, Manuel Tuñón de Lara ou Julio Caro Baroja). Boa parte deles, desde unha perspectiva multidisciplinar (Braudel combinaba historia con xeografía, Bracher con ciencia política, Fogel con economía, Gay con psicoloxía, Trigger con arqueoloxía), mentres os demais citados facíano á súa vez coas anteriores e con outras, como a socioloxía e a antropoloxía. Isto non quere dicir que entre eles alcancen unha posición común sobre as consecuencias metodolóxicas da aspiración da historia ao rigor científico, nin moito menos que propoñan un determinismo que non propóñen (polo menos desde a revolución einsteniana de comezos do século XX) nin as chamadas *ciencias duras*.[7] Pola súa banda, os historiadores menos proclives a considerar científica a súa actividade tampouco defenden un límite estrito que imposibilitaría de forma total o coñecemento da historia e a súa transmisión; e de feito dun modo xeral aceptan e se someten aos mecanismos institucionais, académicos e de práctica científica existentes en historia e comparables aos doutras ciencias (ética da investigación, publicación científica, revisión por pares, debate e consenso científico etc.).

A utilización que fai a historia doutras disciplinas como instrumentos para obter, procesar e interpretar datos do pasado permite falar de disciplinas auxiliares da historia de metodoloxía moi diferente, cuxa subordinación ou autonomía depende dos fins aos que estas mesmas se apliquen.

Historia como disciplina académica

O rexistro de anais e crónicas foi en moitas civilizacións un oficio ligado a un cargo institucional público, controlado polo estado. Sima Qian (denominado *pai da Historia* na cultura chinesa) inaugurou nesa civilización os rexistros históricos oficiais burocratizados (século II a. C.). A crítica do musulmán Ibn Khaldun (*Muqaddima -Prolegómenos á Historia Universal-*, 1377) ao xeito tradicional de facer historia non tivo consecuencias inmediatas, sendo considerado un precedente da renovación da metodoloxía da historia e da filosofía da historia que non se iniciou ata o século XIX, froito da

evolución da historiografía en Europa Occidental. Entre tanto, os cronistas oficiais casteláns e das Indias deron paso na España ilustrada do século XVIII á fundación da Real Academia da Historia; institucións similares existen noutros países.[8]

Véxase tamén: Cronista e Historiografía#Historia da Historia.



Sima Qian

A docencia da historia no ensino obrigatorio foi unha das bases da construción nacional desde o século XIX,[9]. proceso simultáneo á proliferación das cátedras de historia nas universidades (inicialmente nas facultades de letras ou *Filosofía e Letras*, e co tempo, en facultades propias ou de **Xeografía e Historia** -disciplinas cuxa proximidade científica e metodolóxica é unha característica da tradición académica francesa e española-)[10] e a creación de todo tipo de institucións públicas[11] e privadas (clubs históricos ou sociedades históricas, moi habitualmente *medievalistas*, respondendo ao historicismo propio do gusto romántico, empeñado na procura de elementos de identificación nacional); así como publicacións dedicadas á historia.

Artigo principal: Revista de historia.

No ensino medio da maior parte dos países, os programas de historia deseñáronse como parte esencial do currículo. En especial a agregación de historia presente nos *lycées* franceses desde 1830 adquiriu co tempo un prestixio social incomparable cos cargos similares noutros sistemas educativos e que caracterizou o *elitismo* da escola laica republicana ata finais do século XX.

A ese proceso de institucionalización, seguiu a especialización e subdivisión da disciplina con diferentes sesgos temporais (de cuestionable aplicación fóra da civilización occidental: historia antiga, medieval, moderna, contemporánea -estas dúas últimas, habituais na historiografía francesa ou española, non adoitan subdividirse na historiografía anglosaxoa: espaciais (historia nacional -España-, rexional -Galicia, Cataluña-, local, continental -de África, de Asia, de América, de Europa, de Oceanía-), temáticos (historia política, militar, das institucións, económica e social, dos movementos sociais e dos movementos políticos, das civilizacións, das mulleres, da vida cotiá, das mentalidades, das ideas, cultural), historias sectoriais ligadas a outras disciplinas (historia da arte, da música, das relixións, do dereito, da ciencia, da medicina, da economía, da ciencia política, das doutrinas políticas, da tecnoloxía), ou centrada en calquera tipo de cuestión particular (historia da electricidade, da democracia, da Igrexa, dos sindicatos, dos sistemas operativos, das formas etc). Ante a atomización do campo de estudo, tamén se realizaron distintas propostas que consideran a necesidade de superar esas subdivisións coa procura dunha perspectiva holística (historia das civilizacións e historia total) ou o seu enfoque inverso (microhistoria).


O Premio Nacional de Historia (de Chile -bianual, a unha personalidade- e de España -a unha obra publicada cada ano-) e o Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais (a unha personalidade do ámbito da historia, a xeografía ou outras ciencias sociais) son os máis altos recoñecementos da investigación histórica no ámbito hispanofalante, mentres que no ámbito anglosaxón existe unha das versións do Premio Pulitzer. O Premio Nobel de Literatura, que pode recaer en historiadores, só o fixo en dúas ocasións (Theodor Mommsen, en 1902, e Winston Churchill, en 1953). Desde unha perspectiva máis propia da consideración actual da historia como unha ciencia social, o Premio Nobel de Economía foi concedido a Robert Fogel e Douglass North en 1993.

Historia como escritura

A identificación do concepto de *historia* coa narración escrita do pasado produce, por unha banda, a súa confusión co termo historiografía (*historia* chámase á vez ao obxecto estudado, á ciencia que o estuda e ao documento resultado dese estudo); e por outro xustifica o emprego do termo prehistoria para o período de tempo anterior á aparición da escritura, reservándose o nome *historia* para o período posterior.

Segundo ese uso restritivo, a maior parte da humanidade queda *fóra da historia*, non tanto porque non accede persoalmente á lectura e a escritura (o analfabetismo foi a condición común da inmensa maioría da poboación, ata para as clases dominantes, ata imprenta), senón porque os reflectidos no discurso histórico foron sempre moi poucos, e grupos enteiros quedan *invisibilizados* (as clases baixas, as mulleres, os discrepantes que non poden acceder ao rexistro escrito), co que foi obxecto de preocupación dalgúns historiadores a reconstrución da *visión de los vencidos* (Miguel León-Portilla) e History from below (Historia desde abaixo *(en galego)*).

O mesmo ocorre con gran número de pobos e culturas (as consideradas como culturas primitivas, nunha terminoloxía xa desfasada da antropoloxía clásica) que *non teñen historia*. O tópico idealízaos ao considerar que son *pobos felices*.[12] Entran nela cando se produce o seu contacto, habitualmente destrutivo (aculturación), con civilizacións (sociedades



O escriba sentado (Saqqara III milenio a. C.-IV ou V dinastía de Exipto-). Representa a un funcionario en actitude de comezar a escribir, ou sexa, a rexistrar un feito ou unha interpretación máis ou menos interesada de feitos seleccionados -económicos, militares, lexislativos, relixiosos-; unha función de consecuencias transcendentais: serve tanto para o exercicio e a xustificación do poder no seu presente como para a preservación da memoria histórica cara á posteridade.

complexas, con escritura). Ata nese momento non son propiamente obxecto da *historia* senón da protohistoria (historia realizada a partir das fontes escritas producidas polos que xeralmente son os seus pobos colonizadores por oposición aos pobos indíxenas). No entanto, independentemente de que os historiadores e os antropólogos ideoloxicamente teñan unha tendencia *etnocentrista* (*eurocentrista*, *sinocentrista*[13] ou *indixenista*) ou, de forma oposta, *multiculturalista* ou *relativista cultural*, existe a posibilidade de obter ou reconstruír un relato fiable dos acontecementos que afectan a un grupo humano utilizando outras metodoloxías: fontes arqueolóxicas (cultura material) ou historia oral. En boa parte, esta diferenza é artificial, e non necesariamente nova: o mesmo Heródoto non pode senón usar ese tipo de fontes documentais cando redacta a que se considera a primeira *Historia*, ou polo menos acuña o termo, na Grecia do século V a.C *para que o tempo non abata o recordo das accións dos homes e que as grandes empresas acometidas, xa sexa polos gregos, xa polos bárbaros, non caian en esquecemento; dá, tamén, razón do conflito que puxo a estes dous pobos na lide*. Así comeza a súa obra titulada *Ἱστορίαι* (léase *historíai*, literalmente "investigacións", "exploracións", latinizado *Historiae -"Historias"*, en plural-), seminal para a ciencia histórica, e que adoita denominarse en galego *Os nove libros de historia*. A lide citada son as guerras médicas e a loita entre os gregos e os bárbaros asiáticos, especialmente persas.[14]

Etimoloxía

A palabra *historia* deriva do grego antigo **ἱστορία** (léase *historía*, traducible por "investigación" ou "información", coñecemento adquirido por investigación), do verbo ἱστορεῖν ("investigar"). De alí pasou ao latín *historia*, que evolucionou no galego medial a *estoria* ou *estorea*[15], reintroducíndose posteriormente a palabra *historia* como un cultismo na súa forma latina orixinal.

A etimoloxía remota procede do protoindoeuropeo **wid-tor-*, da raíz **weid-*, "saber, ver" (construción hipotética).[16] presente tamén na palabras latinas *idea* ou *visión*, nas xermánicas *wit*, *wise* ou *wisdom*, a sánscrita *vedas*,[17] e as eslavas *videti* ou *vedati*, e noutras linguas da familia indoeuropea.[18]

A palabra antiga grega *ἱστορία* foi usada por Aristóteles no seu *Περί Τά Ζωα Ιστορία* (léase *Peri Ta Zoa Istória*, latinizado *Historia Animalium*, traducible por "Historia dos Animais").[19] O termo derivábase de *ἵστωρ* (léase *hístōr*, traducible por "home sabio", "testemuña" ou "xuíz"). Pódense atopar usos de *ἵστωρ* nos himnos homéricos, Heráclito, o xuramento dos efebos atenienses e nas inscricións beocias (nun sentido legal, cun significado similar a "xuíz" ou "testemuña"). O trazo aspirado é problemático, e non se presenta na palabra cognata grega *eídomai* ("aparecer"). A forma *historeîn* ("inquirir"), é unha derivación xónica, que se expandiu primeiro na Grecia clásica e máis tarde na civilización helenística.

Historia, historiografía e historioloxía

No estudo da historia convén diferenciar tres conceptos ás veces usados laxamente e que poden chegar a ser confundidos entre si:

- A **historiografía** é o conxunto de técnicas e métodos propostos para describir os feitos históricos acontecidos e rexistrados. A correcta praxe da historiografía require o emprego correcto do método histórico e o sometemento aos requerimentos típicos do método científico. Tamén denominase historiografía á produción literaria dos historiadores, e ás escolas, agrupacións ou tendencias dos historiadores mesmos.

  Artigo principal: Historiografía.

- A **historioloxía** ou «teoría da historia» é o conxunto de explicacións, métodos e teorías sobre como, por que e en que medida dánse certo tipo de feitos históricos e tendencias sociopolíticas en determinados lugares e non noutros. O termo foi introducido por José Ortega y Gasset[20] e o dicionario de Irindo (https://web.archive.org/web/20081028024716/http://www.digalego.com/) defíneo como: teoría da historia, especialmente a que se refire á estrutura, ás leis e ás condicións da realidade histórica.

  Artigo principal: Historioloxía.

- A **historia** como conxunto de feitos realmente acontecidos no pasado da humanidade; aínda que moi frecuentemente enténdanse restritivamente como *feitos históricos* unicamente aos acontecementos transcendentes, os que teñen un alcance o suficientemente amplo como para ser útiles para a comprensión de feitos posteriores, ou polo menos os que son interpretados así desde a perspectiva do historiador que os destaca ou considera dignos de recordo (memoria histórica). A selección deses feitos é cuestión de debate, pois cada unha das interpretacións da historia pon o protagonismo da historia (suxeito histórico) nun ou outro lugar, o que determina que datos considerar feitos relevantes. Os partidarios dunha historia política, militar, cultural, ou das institucións non coincidirán cos partidarios dunha historia económica e social; oposición expresada nos termos marxistas de superestrutura e estrutura ou o unamuniano de *intrahistoria*.



A Historia de Italia de Francesco Guicciardini, 1561.

É imposible ignorar a polisemia e a superposición destes tres termos, pero simplificando ao máximo: a historia son os feitos do pasado; a historiografía é a ciencia da historia; e a historioloxía é a epistemoloxía ou teoría da historia.

Filosofía da historia

Artigo principal: Filosofía da historia.

A filosofía da historia é a rama da filosofía que concirne ao significado da historia humana, se é que o ten, e non debe confundirse nin coa historioloxía, nin coa historiografía, dos que se separa claramente. Na súa orixe especula un posible fin teleolóxico do seu desenvolvemento, ou sexa, pregúntase se hai un deseño, propósito, principio director ou finalidade no proceso da historia humana. Non debe confundirse cos tres conceptos anteriores, dos que se separa claramente. Se o seu obxecto é a verdade ou o deber ser, se a historia é cíclica ou lineal, ou existe a idea de progreso nela, son materias que debate a filosofía da historia.



Historia General de los Hechos de los Castellanos en las Islas y Tierra Firme del Mar Océano, de Antonio de Herrera, edición de 1601.

Fins e xustificación da historia

Tampouco deben confundirse os supostos fins teleolóxicos do home na historia cos *fins da historia* é dicir, a xustificación da propia historia como memoria da humanidade. Se a historia é unha ciencia social e humana, non pode abstraerse de porqué se encarga de estudar os procesos sociais: explicar os feitos e eventos do pasado, sexa polo coñecemento mesmo, sexa por que nos axudan a comprender o presente: Cicerón bautizou á historia como *mestra da vida*,[21] e como el Cervantes, que tamén a chamou *nai da verdade*.[22] Benedetto Croce remarcou a forte implicación do pasado no presente coa súa *toda historia é historia contemporánea*. A historia, ao estudar os feitos e procesos do pasado humano, é un útil para a comprensión do presente e expón posibilidades para o futuro.[23] Salustio chegou a dicir que *entre as distintas ocupacións que se exercitan co enxeño, o recordo dos feitos do pasado ocupa un lugar destacado pola súa grande utilidade*.[24] Un tópico moi difundido (atribuído a George Santayana) advirte que *os pobos que non coñecen a súa historia están condenados a repetila*,[25] aínda que outro tópico (atribuído a Carlos Marx) indique á súa vez que cando se repite faino *unha vez como traxedia e a segunda como farsa*.[26]

A radical importancia diso baséase en que a historia, como a medicina, é unha das ciencias en que o suxeito investigador coincide co obxecto a estudar. De aí a gran responsabilidade do historiador: a historia ten unha proxección ao futuro pola súa potencia transformadora como ferramenta de cambio social; e aos profesionais que a manexan, os historiadores, élles aplicable o que Marx dixo dos filósofos (*ata agora encargáronse de interpretar o mundo e do que se trata é de transformalo*).[27] No entanto, desde outra perspectiva preténdese unha *investigación desinteresada* para a obxectividade na ciencia histórica.[28] Aínda que *chegar a coñecer os feitos tal como foron*, como pretendía Leopold von Ranke, é imposible, si é un imperativo da investigación histórica achegarse ao máximo a ese obxectivo, e ademais facelo cunha perspectiva tal

que sitúe os feitos no seu contexto, de modo que ao coñecemento factual engádase o entendemento de *o que realmente pasou*; e aínda que sexa inevitable que sesgos de todo tipo alteren a forma en que tal entendemento prodúcese, polo menos ser conscientes de cales poden ser e en que grao actúan.[29]

Véxase tamén Historiografía como produción historiográfica

División do tempo histórico

Artigo principal: Periodización.

Non hai un acordo universal sobre a periodización da historia, aínda que si un consenso académico sobre os períodos da historia da civilización occidental, baseado nos termos acuñados inicialmente por Christoph Cellarius (Idades Antiga, Media e Moderna), que puña ao mundo clásico grecorromano e o seu Renacemento como os feitos determinantes para a división; e que actualmente é de aplicación xeral.[30] A acusación de eurocentrismo que se fai a tal periodización non impide que sexa a máis utilizada, por ser a que responde precisamente ao desenvolvemento dos procesos históricos que produciron o mundo contemporáneo.

O problema de calquera periodización é facela coherente en termos sincrónicos e diacrónicos, é dicir: que sexa válida tanto para *o transcurso do tempo* nun único lugar, como para o que ocorre *ao mesmo tempo* en distintos ámbitos espaciais. Cumprir ambos os requisitos resulta difícil cando os fenómenos que orixinan o comezo dun período nun lugar (especialmente o Próximo Oriente, Asia Central ou China) tardan en difundirse ou xurdir endoxenamente noutros lugares, que á súa vez poden estar máis ou menos próximos e conectados (como Europa Occidental ou a África subsahariana), ou máis ou menos afastados e desconectados (como América ou Oceanía). Para responder a todo iso, os modelos de periodización inclúen termos intermedios e períodos de solapamento (xuxtaposición de características distintas) ou transición (aparición paulatina das novidades ou características mixtas entre o período que empeza e o que termina). A didáctica da historia axúdase frecuentemente de diferentes tipos de representación gráfica da sucesión de feitos e procesos no tempo e no espazo.[31]

Véxase tamén: Tempo histórico e Mapa histórico.

Prehistoria								
Idade da Pedra						**Idade dos Metais**		
Paleolítico			**Mesolítico**		**Neolítico**	Idade do Cobre	Idade de Bronce	Idade de Ferro
Paleolítico Inferior	Paleolítico Medio	Paleolítico Superior	Epi-paleolítico	Proto-neolítico				

Historia ***(Occidente)***												
Protohistoria	**Idade Antiga**		**Idade Media**			século XV	**Idade Moderna**		século XVIII	**Idade Contemporánea**		
	Antigüidade clásica	Antigüidade tardía	Alta Idade Media	Baixa Idade Media			século XVI	século XVII		século XIX	século XX	século XXI
				Plena Idade Media	Crise							

Prehistoria

- **Prehistoria**. Desde a aparición do home (diferenciación das distintas especies do xénero *Homo*, subtribo *hominina*, superfamilia *Hominoidea*, orde dos primates), de datas incertas, fai máis de dous millóns de anos; ata a aparición da escritura, en torno ao IV milenio a. C.[32]
  - **Paleolítico** (etimolóxicamente *Antiga Idade da Pedra*, pola pedra tallada). Os feitos máis decisivos son os ligados á evolución humana, no físico, e á evolución cultural primitiva (utilización de ferramentas e do lume e desenvolvemento de distintos tipos de colaboración e conduta social primitiva; destacadamente o linguaxe). Os grupos sociais non superarían o tamaño de hordas, cunha densidade de poboación inferior a un habitante por quilómetro cadrado. A economía limitábase a unha relación *depredadora* co

medio ambiente (caza, pesca e recolección), o que non impedía un impacto notable (primeira *humanización* do paisaxe natural e extincións provocadas pola presión da actividade humana nos ecosistemas onde se introduce).



Pinturas rupestres de Cueva de las Manos (Río Pinturas, Arxentina, preto de 9000 anos de antigüidade). Representan esquemáticamente a un home e a grupos de animais; tamén se observan outros símbolos, destacan as mans (manos) que dan o nome ao lugar. Esta forma de arte prehistórica, aínda que é un testemuño valiosísimo para a reconstrución do pasado, non é unha fonte histórica, senón arqueolóxica.

  - **Paleolítico inferior**. Primeiras formas de talla lítica de instrumentos (Olduvaiense ou modo 1 e Achelense ou modo 2), asociados a restos fósiles de homínidos: *Australopithecus*, *Homo habilis* e *Homo ergaster* (África sudoriental), *Homo erectus* (estendido por todo o antigo Continente); *Homo antecessor* e *Homo heidelbergensis* (específicos de Europa -sitio de Atapuerca-).
  - **Paleolítico medio**. Ligado a cambios na cultura material (Musteriense ou *modo 3*) e nas especies de homínidos (Home de Neanderthal en Europa, *Homo sapiens* arcaico en África -Homes de Kibish-), desde fai 130.000 anos ata fai 35.000 anos aproximadamente.
  - **Paleolítico superior**. Ligado á cultura material asociada ao *Homo sapiens* moderno: o *modo 4* (Auriñaciense, Gravetiense, Solutreano, Magdaleniano -en Europa-, Clovis e Monte Verde -en América, onde por primeira vez aparecen homínidos-); desde fai 35.000 anos ata fai 10.000 anos aproximadamente. Xa non hai cambios significativos para a paleoantropoloxía no rexistro fósil; as variacións entre distintos grupos son moito máis sutís: as estudadas tradicionalmente pola antropoloxía física e que se coñecían como *razas humanas*, e que a moderna xenética de poboacións estuda con renovadas metodoloxías (xenética molecular). Xunto coa paleo-lingüística pretende reconstruír as migracións primitivas.[33]



Stonehenge, un monumento megalítico tipo crómlech construído en Gran Bretaña no III milenio a. C. por un pobo en transición do neolítico á idade dos metais, contemporáneo das Pirámides de Exipto. A súa esquecida función relixiosa e astronómica é obxecto na actualidade de *revivals* espiritualistas.

- **Mesolítico**/**Epipaleolítico**/**Protoneolítico**. Período de transición, ligado aos cambios que produciu o fin da última glaciación. Desde o X milenio a. C. ata o VIII milenio a. C., aproximadamente. Nas zonas nas que significou unha transición cara ao neolítico denomínase **mesolítico**, mentres que no resto, nas que só significa unha fase de continuación do paleolítico, denomínase **epipaleolítico**.O **protoneolítico** é a fase final do mesolítico, e segue ao **epipaleolítico**.Basicamente é unha prolongación cultural do epipaleolítico e da cultura Aziliense.
- **Neolítico** (etimolóxicamente "nova Idade da Pedra", pola pedra pulimentada: modo 5). Do VIII milenio a. C. ao IV milenio a. C. aproximadamente. O seu inicio en cada zona está ligado ao desenvolvemento da denominada **Revolución neolítica**: substitución da *economía depredadora* (caza, pesca e recolección) pola *economía produtora* (agricultura e gandería), o que intensificou extraordinariamente a densidade de poboación (de crecemento limitado -réxime demográfico antigo-) e o impacto no medio ambiente. Aparición da cerámica, substitución do nomadismo polo sedentarismo (asentamentos estables ou aldeas). Tivo lugar a partir do VIII milenio a. C. no Crecente Fértil do Oriente Próximo, e difundiuse cara ao norte de África e Europa (en España a partir do VI milenio a. C.) e Asia. A aparición da agricultura e a gandería produciuse de forma endóxena noutras zonas do mundo (con seguridade en América, de forma menos clara noutras zonas).
- **Idade dos Metais**. Desde o IV milenio a. C. (ou máis tarde, segundo a zona), que aínda que é unha época xa histórica no Próximo Oriente Antigo, é aínda prehistórica na maior parte do mundo. Innovacións tecnolóxicas de difusión paulatina (metalurxia, roda, arado, vela). Algunhas aldeas se amurallan e aumentan de tamaño ata transformarse en cidades. A economía e a sociedade faise máis complexa (excedentes, comercio a longa distancia, especialización do traballo, estratificación social cunha elite dirixente caracterizada pola exhibición de riqueza en forma de armas e monumentos funerarios). O tránsito á historia darase cando se complete a formación das sociedades complexas(civilizacións) con estado e relixión institucionalizada, que producirán a escritura.

  - **Calcolítico** ou *Idade do Cobre* (III milenio a. C. aproximadamente, en Europa Occidental).
  - **Idade de Bronce** II milenio a. C. aproximadamente, en Europa Occidental).
  - **Idade de Ferro** (I milenio a. C. aproximadamente, en Europa Occidental, ata a romanización).

Historia



Espada de bronce (Saint-Germain-en-Laye, Francia, cara a 800 a. C., período protohistórico no que os heroes gregos, que usarían armas semellantes, xa son cantados por Homero).

Inicio

Desenvolvemento da escritura como consecuencia da aparición dos primeiros estados. (IV milenio a. C. en Sumeria)

Protohistoria

Período de solapamento: as civilizacións que desenvolven escritura deixan constancia escrita non só de si mesmas, senón doutros pobos que non o fixeron. Habitualmente os pobos colonizadores son os que deixan testemuño histórico da súa relación cos pobos indíxenas (por exemplo, dos pobos prerromanos).

Idade Antiga




O casco de Leiro, Idade de Bronce final. No segundo milenio antes de Cristo xa podemos falar dunha cultura galaica plenamente aberta a occidente cun novo metal: o bronce. Estoques de lingüeta trapezoidal, espadas con empuñaduras de remaches, espadas pistiliformes, machados tubulares e con aneis parécennos falar dunha sociedade de xefaturas onde o espírito bélico condiciona a vida cotiá. Salienta o casco de ouro de Leiro (Rianxo).


É a época histórica que coincide co xurdimento e desenvolvemento das primeiras civilizacións ou civilizacións antigas.

- **Nacemento da civilización** no Antigo Oriente Próximo (ás veces denominado **Antigüidade temperá**).[34] Primeiros estados (templos, cidades-estado, imperios hidráulicos) en Mesopotamia (Sumeria, Acad, Babilonia, Asiria), Antigo Exipto, Levante Mediterráneo (Fenicia, Antigo Israel) e o resto do Mediterráneo Oriental (civilizacións anatólicas -hititas-, e exeas -minoica e micénica-); con moi pouca relación con eses núcleos na India (cultura do val do Indo), a China; e de forma endóxena na América precolombiana e nalgunhas culturas da África subsahariana.[35]
